



ACAMPA

POLA PAZ E O DEREITO A REFUXIO

15 -18 de xuño de 2017, A Coruña

MEMORIA FINAL DE ACTIVIDADES

XESTIÓN E ORGANIZACIÓN

Nome da entidade: Asociación Socio-cultural Acampa

Dirección: Rúa Argentina n8 baixo, cp15011 A Coruña, CIF G70513007

Datos de contacto: coordinacion@acampa.eu // 0034 627 470165

INDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. OBXECTIVOS E FINS
3. ÁMBITO DE ACTUACIÓN
4. DESCRICIÓN DO CONTIDO DO PROGRAMA E ASISTENCIA
5. METODOLOXÍA
6. CONCLUSIÓNS E AVALIACIÓN

“Ninguén deixa o seu fogar, ata que o seu fogar non é unha voz que lle di: vaite, foxe de min agora, non sei en que me convertín, pero sei que en calquera lugar estarás máis seguro que aquí”

Poema Home, Warsan Shire

1. INTRODUCCIÓN

Os informes de ACNUR dinnos que 65'3 millóns de persoas se encontraban desprazadas a finais de 2015. Esta é a primeira vez que se supera o limiar dos 60 millóns de persoas.

Lemos no informe Tendencias Globales que no ano 2015, de media, 24 persoas por minuto se viron obrigadas a **fuxir** dos seus fogares e buscar **protección** el algures, dentro do seu país ou noutros países. Uns 12'4 millóns de persoas, en 2015, convertéronse en novos desprazados por mor dos conflitos ou da persecución.

A principios de 2016, a cifra de persoas refuxiadas pola guerra en Siria era de arredor 5 millóns de homes, mulleres, anciáns e nenos, o que converte esta fuxida nun dos maiores **éxodos** da historia recente, que afecta a case o 25% da poboación total de Siria.

A **guerra civil** siria causa máis desprazados ca calquera outro **conflito** no mundo. Todos os días 6.000 persoas foxen do país e das bombas para, en ocasións, encontraren a morte polas dificultades da viaxe, a intolerancia dos países, o maltrato das policía e os exércitos, a inseguridade e a dureza da travesía, etc.

Os **gobernos da Unión Europea** tentan negar esta realidade tan próxima, e condenan as persoas refuxiadas ao abandono e ao silencio no canto de estableceren corredores humanitarios que faciliten a viaxe a que foxe da guerra. A propaganda xenófoba procura utilizar o **medo** dos cidadáns europeos, vítimas da crise do sistema, para presentar as persoas solicitantes de refuxio como competidoras polos escasos recursos e como perigosos integristas subversivos. Pretenden así facer esquecer que moitos dos nosos maiores sufriron guerras e **persecucións** e víronse obrigados a solicitar refuxio noutros países durante a ditadura.

Os grandes medios de información convértense en altosfalantes desta propaganda oficial de rexeitamento e temor, tratando de estigmatizar as persoas refuxiadas e mesturando o seu medo real co alimento doutros medos manipulados.

As **crises humanitarias** bátennos constantemente, e cada día vemos como se vulneran os dereitos humanos en máis lugares do mundo. Mentres tanto, recórtanse **dereitos democráticos** e conquistas sociais onde aínda subsisten.

Somos moitas as persoas e organizacións que non nos conformamos co papel de espectadoras e tratamos de dar resposta, de **solidarizarnos**, de encontrar ferramentas para facer fronte colectivamente a unha ameaza demasiado grande e cruel. Pero a realidade é que estamos atomizados en centos de iniciativas, temos moita enerxía pero dispersa, e isto debilita a efectividade das accións.

Hoxe, máis ca nunca, cómpre o traballo unitario e de **sensibilización** que contrarreste a desinformación, que explique as causas e consecuencias, que identifique as responsabilidades e que facilite a incorporación de miles de persoas á **contestación** social, máis unidas e máis fortes.

O **drama humanitario** vivido polas persoas refuxiadas ante o abandono oficial necesita o traballo das oenegués no terreo, o que salva vidas e garante os mínimos asistenciais básicos, pero tamén é imprescindible o traballo de sensibilización, de esixencia de respecto polos dereitos humanos, de **información** á cidadanía para que presione os seus gobernos e esixa a paz e a xestión eficaz dunha crisis humanitaria tan grave como a que estamos vivindo.

Son miles e miles, millóns, as persoas que necesitan a **solidariedade** e a axuda nunha situación de emerxencia humanitaria grave. **ACAMPA** naceu como unha nova ferramenta capaz de trasladar esta necesidade á sociedade.

O mes de xuño de 2017, Acampa despregou todas as súas capacidades para mostrar, convencer, espertar e debater na **cidade refuxio da Coruña**, e esperemos que en próximas edicións en máis e máis lugares, para crear unha rede de cooperación e solidariedade, traballando para visibilizar e dar voz a 60 millóns de persoas refuxiadas.



Fotografía de Laura Covelo, actividades en Acampa.

2. OBXECTIVOS E FINS

Acampa é unha iniciativa cidadá sen fins de lucro integrada por colectivos sociais, culturais, educativos, veciñais, políticos, sindicais, artísticos, de persoas solidarias, de institucións e empresas con responsabilidade social. O obxectivo de Acampa é a **defensa dos dereitos humanos**, o dereito internacional humanitario e o dereito ao Refuxio.

Acampa tiña como obxectivo crear un **espazo de encontro** no que todas as persoas ou colectivos que están a loitar polo dereito ao refuxio puidesen compartir experiencias, pensar en novos proxectos, reactivarse e por en marcha un novo gran tecido do cal partan novas experiencias. Acampa abre entón un espazo de encontro para buscar respostas colectivamente, afondando nas causas dos acontecementos, para contrastar as diversas informacións.

Visibilizar e concienciar do drama das persoas que buscan un refuxio é outro dos obxectivos de Acampa. A cidadanía ten unha visión moi escasa deste problema, un problema do que lle chega a información a conta gotas, e despois de ter pasado a censura e a tesoura dos axentes que están involucrados. **Tecer rede**, compartir informacións e visibilizar do drama como obxectivos, pero precisábase un espazo no que puidesen desenrolarse todas as actividades que estaban a ser programadas. Para a organización de Acampa é importante deslocalizar os actos dentro das posibilidades, de forma que estivésemos a esparcir unha semente que salpicase a toda a cidade, para achegar o espazo Acampa ao maior número de puntos posibles. Interesaba que se achegasen a Acampa todas as persoas e colectivos implicados, pero tamén era importante facer chegar a iniciativa a todas as persoas que por desidia ou descoñecemento ou medo non teñen o mesmo sentir.

Nos Xardíns de Méndez Núñez, instalouse unha **réplica dun campo de persoas refuxiadas**, para que a cidadanía que pasase por el puidese ver cales son as verdadeiras condicións de vida dentro destes campos. Neste campamento ofrecéronse boa parte das actividades recollidas no programa, como as conferencias, obradoiros e coloquios. Polo tanto, o campamento dos Xardíns de Méndez Núñez foron o punto de encontro para compartir informacións e dar visibilidade directa ao drama.

Concorrentemente o Concello organizou Exposicións de Fotografía e debuxo relacionados co drama da busca do refuxio, para dar a coñecer aquelas imaxes que a cidadanía non puidera ver en medios. Se expuxeron nas salas de exposicións, en carpas nos barrios, ou na mesma rúa. As exposicións contaron con fotógrafas e fotógrafos de reputada experiencia e que están a traballar sobre o terreo.



Fotografía de Laura Covelo, actividades en Acampa.

3. ÁMBITO DE ACTUACIÓN

XARDÍNS DE MÉNDEZ NÚÑEZ

Escóllese a situación dos Xardíns de Méndez Núñez para o desenvolvemento do máis significativo do evento, a localización nestes do campo de persoas refuxiadas simbólico. Serán os Xardíns o centro da actividade, o núcleo dos actos.

Os Xardíns de Méndez Núñez na Coruña delimitan ao suroeste pola Avenida dos Xardíns de Méndez Núñez, ao sueste polos edificios da radio e televisión galega, o Kiosko Alfonso e o Hotel NH Atlántico. Ao nordés, o edificio do Teatro Colón e a sede da Deputación de A Coruña, que limita a parcela. Polo noroeste delimita a Rúa Cantón Grande.



Vista en perspectiva do ámbito da actuación.


Dentro dos Xardíns no seu fondo sur a carón do Monumento a Carballo, instalouse unha carpa central para que tiveran lugar nela tanto o acto da inauguración como a maior parte dos coloquios, concertos e proxeccións. Mais, coma se dixo anteriormente, foi preto da carpa central onde se instalou unha réplica dun campo de persoas refuxiadas, para que toda a cidadanía que por alí pasase puidese ver cales son as verdadeiras condicións de vida dentro destes campos. Colocouse un valado, o arredor do campo para facer sentir as persoas que a el se achegaron a sensación que se pode ter ao chegar a un campamento. Montouse unha exposición dentro deste campo con varias tendas de diferentes orixes traídas dende Grecia, así como elementos como os chalecos salvavidas ou as barcazas pneumáticas cas que as persoas cruzan o mar na procura da salvación.

As tendas de campaña, como representación dos campamentos, foron aquí o símbolo da implicación da cidadanía. Estas eran de dous tipos: institucionais e individuais. Estas tendas pensáronse como o medio de expresión de todas as asociacións e persoas individuais que se sumáron á proposta de Acampa.

O resto de espazos do campamento, foron o lugar onde se desenrolaron o resto de actividades ao aire libre, como as actividades con nenos ou algúns dos obradoiros.



Fotografía de medios, Opinión de A Coruña. Réplica do campamento.



Plano de distribución do evento nos Xardíns de Méndez Núñez e Obelisco.

ACAMPA, pola paz e o dereito ao refuxio, do 15 ao 18 de xuño de 2017, A Coruña

MEMORIA FINAL DE ACTIVIDADES

OBELISCO

Como reclamo de cara aos actos a realizar nos Xardíns de Méndez Núñez, e como feito de visibilización da situación das persoas refuxiadas, a localización do Obelisco semellou ser a idónea para colocar un fito, un elemento que faga as veces de reclamo ou cebo, e que se amosase como símbolo da acampada.

Ao mesmo que nos campos, a localización duns elementos simbólicos como as tendas de campaña fora dos Xardíns, convidou a xente a pensar como aínda sendo dura a situación nos campos, podes chegar a quedar fora deles.

No Obelisco, instalouse unha das tendas traídas dende Grecia pola ONG AIRE, que se colocou dentro dun valado. Instalouse tamén unha carpa para poder dar información aos cidadáns, así como repartir algúns dos dossieres e programas do evento. Este punto foi ao final o lugar de acceso aos Xardíns, xa que moitas das persoas que a este se achegaron foi pola información recibida no stand.

A MARINA

Javier Bauluz é un foto periodista premio Pulitzer do ano 1995, que ten unha exposición itinerante con fotografías de persoas refuxiadas. A exposición das súas fotografías foi organizada polo Concello de A Coruña para poder ser expostas na rúa para o público, como xa fixo en diferentes cidades; aproveitando a súa presenza, participou nunha conferencia-proxección e unha visita guiada impulsada por ACAMPA ás mesmas.

As fotografías, de gran formato, instaláronse de 3 en 3 formando un triángulo, e, como se fose un virus a contaxiar, apareceron, sementaron, dende a zona do Obelisco cara a Porta Real. Estas fotografías acompañaron aos cidadáns nos seus paseos, o que fixo que estivesen na obriga de ter que ver a realidade que está a pasar no mundo.



Fotografía de Laura Covelo, Charla de Javier Bauluz sobre a súa exposición na rúa.

PRAZA DAS CONCHIÑAS

Como parte da descentralización de actividades e intentando facer partícipes aos barrios da Coruña, unha parte do acto celebrouse na Praza das Conchiñas, no barrio do Agra do Orzán. Este barrio é un dos máis poboados da cidade, cunha alta porcentaxe de migrantes vivindo nel, polo que semellaba ser unha localización adecuada para instalar un stand informativo e expositivo, no que puidesen facerse proxeccións ou charlas para dar a coñecer o proxecto Acampa, a través da fotografía.



Fotografía de Laura Covelo, os fotógrafos conferenciantes na carpa da Praza das Conchiñas.

VISITAS GUIADAS ÁS EXPOSICIÓNS ORGANIZADAS POLO CONCELLO

No Kiosko Alfonso e na Sala Durán Loriga, estiveron instaladas ata o día 25 de xullo de 2017 exposicións de fotografías organizadas polo Concello, de sobresaíntes fotoperiodistas que testemuñaron a guerra en Siria, a viaxe do exilio, os campos de persoas refuxiadas e a situación na nosa fronteira sur.



Fotografía de Laura Covelo, salas de exposición.

Acampa impulsou visitas guiadas a estas exposicións de fotografías do Concello, que tiveron unha grande aceptación da cidadanía. Dentro desta rede de espazos de exposición, sumáronse a Sala Palexco, a Sala Salvador de Madariaga, a Sala Alexandre Bóveda, a Sala Casares Quiroga e o Centro Cívico Da Cidade Vella, así como o Paraninfo da Universidade da Coruña.

RÚAS

As rúas foron tamén ámbito do proxecto, xa que houbo pasarúas e actividades polo centro da cidade. Pasarrúas artísticos participativos, con circo clown e zancos, pasearon polas rúas da cidade invadindo de cores e alegría os espazos.



Fotografía de Laura Covelo, clown.

4. DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DO PROGRAMA

VISITAS GUIADAS AS EXPOSICIÓNS FOTOGRAFÍA

- JAVIER BAULUZ, *Buscando refuxio para os meus fillos* (Espazo público: Obelisco, a Marina Porta real).
- RICARDO GARCÍA VILANOVA, *Guerra en Siria* (Sala Kiosko Alfonso).
- JUAN TEIXEIRA, *Idomeni Kids* (Sala Kiosko Alfonso).
- FELIPE CARNOTTO, *No colo da esperanza* (Sala Kiosko Alfonso).
- ADRIÁN IRAGO, *Bashar alale, nova vida en Europa* (Sala Kiosko Alfonso).
- XOSÉ ABAD, *Polo menos salvar a familia* (Sala Kiosko Alfonso).
- JUAN MEDINA, *O estreito* Fotos e vídeo (Sala Salvador de Madariaga).
- SERGI CÁMARA, *O muro de Europa* (Sala Salvador de Madariaga).
- ANDREA TORRES, *1.026, perante a situación dos refuxiados* (Sala Salvador de Madariaga).
- CAROLINA SANTOS NOVAL, *Markazi, campo de persoas refuxiadas iemenís en Djibouti (Corno de África) – Acción directa refuxiados* (Sala Alexandre Bóveda).

EXPOSICIÓNS DE PINTURA, DEBUXO E INSTALACIÓNS

- ALI, Pintura (Sala Palexco).
- KAWA, *debuxos do campo de Katsikas* (Sala Casares Quiroga).
- DANIEL REMESEIRO, *debuxos flotantes* (piscinas do Kiosko Alfonso).

ACTIVIDADES XOVES 15 DE XUÑO

- 11:30 h: Inauguración e visita guiada para medios e persoas invitadas.
Carpa central dos Xardíns de Méndez Núñez
- 12:30 h: Inauguración exposicións.
Carpa central dos Xardíns de Méndez Núñez
- 13:00 h: Concerto con Silvia Penide, Martín Miras e Ángel Vicos.
Carpa central dos Xardíns de Méndez Núñez
- 17:00 h: Visita guiada "Campo de persoas refuxiadas".
Réplica campamento nos Xardíns de Méndez Núñez
- 17:00 h: Poesía refuxiada "in nave civitas".
Carpa central dos Xardíns de Méndez Núñez
- 18:00 h: Proxección de fotografías e charla cos fotógrafos Felipe Carnotto, Adrián Irago e Juan Teixeira.
Kiosko Alfonso
- 20:00 h: Encontro co xornalista Nicolás Castellano e coa xornalista e xefa de Informativos de Radio Coruña Cadena SER Consuelo Bautista.
Carpa central dos Xardíns de Méndez Núñez

- 22:00 h: Proxección de fotografías e charla cos fotógrafos Juan Medina e Sergi Cámara.

Carpa na Praza das Conchiñas

ACTIVIDADES VENRES 16 DE XUÑO

- 11:00 h: Visita guiada a exposición do fotógrafo Juan Medina realizada polo propio autor.

Sala Salvador de Madariaga

- 12:00 h: Visita guiada "Campo de persoas refuxiadas"
Réplica campamento nos Xardíns de Méndez Núñez

- 12:30 h: Encontro coa xornalista e escritora Olga Rodríguez e o profesor Santiago Hernández da Universidade da Coruña.

Paraninfo de Universidade da Coruña na Maestranza

- 17:00 h: Visita guiada "Campo de persoas refuxiadas".
Réplica campamento nos Xardíns de Méndez Núñez

- 17:00 h: Para coñecer máis sobre as persoas refuxiadas, actividades como As voces do campo e Shisa Meeting.

Espazos ao aire libre, Xardíns de Méndez Núñez

- 18:00 h: Pasarrúas artísticos participativos.

Rúas

- 18:00 h: Contacontos por solidariedade Internacional.
Espazos ao aire libre, Xardíns de Méndez Núñez

- 18:00 h: Encontro entre Fadile Tibisay Chami, siria activista polos dereitos humanos das mulleres e persoas refuxiadas, e Mabel Pérez, feminista e experta en igualdade e relacións laborais.

Carpa central dos Xardíns de Méndez Núñez

- 19:45 h: Foto denuncia coa estatua da liberdade, iniciativa de Amnistía Internacional.

Palco da música dos Xardíns de Méndez Núñez

- 20:00 h: Encontro entre Esteban Beltrán, director de Amnistía Internacional Sección Española, e a xornalista e escritora Olga Rodríguez, especializada en información internacional e dereitos humanos.

Carpa central dos Xardíns de Méndez Núñez

- 22:00 h: Charla proxección de todos os fotógrafos "*Unha foto, unha historia*"
Carpa central dos Xardíns de Méndez Núñez

- 23:30 h: Proxección documental de Intermon District Zero.
Carpa central dos Xardíns de Méndez Núñez

ACTIVIDADES SÁBADO 17 DE XUÑO

- 10:00 h: Obradoiro impartido por Patricia Simón *"Periodismo para a transformación e o coidado social"*.
Centro Cívico da Cidade Vella
- 10:00 h: Mesa redonda aberta a todas as organizacións sociais *"construír unha rede"*.
Kiosko Alfonso
- 11:00 h: Visita guiada a exposición do fotógrafo Juan Medina realizada polo propio autor.
Sala Salvador de Madariaga
- 11:00 h: Para coñecer máis sobre as persoas refuxiadas, actividades como As voces do campo e Speed Dating.
Espazos ao aire libre, Xardíns de Méndez Núñez
- 11:00 h: Xogo da Oca de Médicos do Mundo, *"Camiño dos Dereitos Humanos"*.
Espazos ao aire libre, Xardíns de Méndez Núñez
- 12:00 h: Actividades recreativas con relación ao tema das persoas refuxiadas e de animación, realizado por persoas voluntarias de INEF.
Praia de Riazor
- 12:00 h: Visita guiada "Campo de persoas refuxiadas".
Réplica campamento nos Xardíns de Méndez Núñez
- 12:00 h: Encontro entre representante de Médicos do Mundo Andalucía e Verónica Barroso, responsable de incidencia política en Política Interior, organizacións que traballan pola defensa dos Dereitos Humanos.
Carpa central dos Xardíns de Méndez Núñez
- 13:00 h: Charla e presentación da exposición fotográfica Markazi.
Sala Alexandre Bóveda
- 16:30 h: Obradoiro impartido por Patricia Simón *"Periodismo para a transformación e o coidado social"*.
Centro Cívico da Cidade Vella
- 16:30 h: Para coñecer máis sobre as persoas refuxiadas, actividades como As voces do campo e A Gran Viaxe.
Espazos ao aire libre, Xardíns de Méndez Núñez
- 17:00 h: Visita guiada "Campo de persoas refuxiadas".
Réplica campamento nos Xardíns de Méndez Núñez

- 17:00 h: Xogo de rol de Médicos do Mundo.
Espazos ao aire libre, Xardíns de Méndez Núñez
- 17:00 h: Actividades recreativas con relación ao tema das persoas refuxiadas e de animación, realizado por persoas voluntarias de INEF.
Praia de Riazor
- 18:00 h: Actividade da Escola Oficial de Idiomas: Introducción á lingua árabe, "*Escribe e le nunha soa clase: mensaxes de paz e solidariedade*".
Espazos ao aire libre, Xardíns de Méndez Núñez
- 18:00 h: Pasarrúas artísticos participativos.
Rúas
- 18:00 h: Encontro entre Noelia García, Medical Team Leader no Dignity I de Médicos sen Fronteiras e o profesor e doutor en Dereito Jorge Quindimil da Universidade da Coruña, "*Crise de refuxiados no Mediterráneo: legalidade e realidade na crise das persoas refuxiadas no Mediterráneo*".
Carpa central dos Xardíns de Méndez Núñez
- 20:00 h: Encontro con Manuel Rivas, escritor e xornalista, co-director da revista Luzes, e Xosé Manuel Sande, concelleiro de Culturas, Deporte e Coñecemento do Concello de A Coruña, "*Como se constrúe un conflito bélico: xeopolítica, as relacións internacionais e cuestións militares*".
Carpa central dos Xardíns de Méndez Núñez
- 22:00 h: Proxección de fotografías e charla cos fotógrafos Javier Bauluz e Ricardo García Vilanova.
Carpa central dos Xardíns de Méndez Núñez
- 22:30 h: Concerto de Doa, Extrema Urgencia e Félix Arias.
Carpa central dos Xardíns de Méndez Núñez

ACTIVIDADES DOMINGO 18 DE XUÑO

- 11:00 h: Mesa redonda, "*A voz das persoas refuxiadas*", con persoas refuxiadas como protagonistas: Fadile Tibisay Chami, siria activista polos dereitos humanos das mulleres e persoas refuxiadas, Ahmad Matar, refuxiado sirio e Xurxo Souto, músico e escritor.
Carpa central dos Xardíns de Méndez Núñez
- 12:00 h: Actividades recreativas con relación ao tema das persoas refuxiadas e de animación, realizado por persoas voluntarias de INEF.
Praia de Riazor
- 12:00 h: Visita guiada "*Campo de persoas refuxiadas*".
Réplica campamento nos Xardíns de Méndez Núñez
- 12:00 h: Contacontos de Médicos sen Fronteiras.
Espazos ao aire libre, Xardíns de Méndez Núñez

- 13:30 h: Concerto de clausura co músico Cesar Morán.
Carpa central dos Xardíns de Méndez Núñez



Fotografía de medios de comunicación, réplica do campamento.



Fotografía de Laura Covelo, inauguración de Acampa.



Fotografía de Laura Covelo, inauguración de Acampa.



Fotografía de Laura Covelo, inauguración de Acampa.

ACAMPA, pola paz e o dereito ao refuxio, do 15 ao 18 de xuño de 2017, A Coruña

MEMORIA FINAL DE ACTIVIDADES



Fotografía de Laura Covelo, actividades nos espazos libres.



Fotografía de Laura Covelo, exposicións de fotografía comentadas polos seus autores.



Fotografía de Laura Covelo, charlas e ponencias.



Fotografía de Laura Covelo, charlas e ponencias.

5. METODOLOXÍA

Acampa é unha iniciativa cidadá sen fins de lucro integrada por colectivos sociais, culturais, educativos, veciñais, políticos, sindicais, artísticos, de persoas solidarias, de institucións e empresas con responsabilidade social.

A **organización de Acampa** intégrase por 14 equipos de traballo que se distribuíron o traballo de cara a poder organizar o evento:

- Coordinador Xeral
- Secretaría
- Equipo De Relacións Institucionais
- Equipo De Economía
- Equipo De Actividades
- Equipo De Infraestruturas
- Equipo De Organizacións Sociais
- Equipo De Xestión De Micro – Mecenado
- Equipo De Deseño
- Equipo De Asesoría Legal
- Equipo De Loxística
- Equipo De Medios De Comunicación
- Equipo De Redes Sociais
- Equipo De Traducións

A organización do evento foi posible polo gran traballo realizado por cada un dos equipos, e polo traballo en rede feito mediante a coordinación dos equipos e as xuntanzas realizadas ao longo de meses de arduo traballo.



Xuntanza previa para a organización do evento.

Contouse con 40 persoas dentro da propia organización de Acampa, e sumáronse os días do evento 50 **voluntarios e voluntarias** que se tornáron para cubrir todas as demandas do evento. O traballo dos voluntariado consistiu en axudar ao equipo de infraestruturas na montaxe das faixas, estivo tamén presente no desenrolo das actividades para asistir as necesidades de cada unha delas. Tamén colaboraron na difusión da información e repartindo programas na máin.

Era algo moi importante a visibilización do drama do refuxio xa antes de por en marcha o evento, para que a cidadanía tivese un coñecemento previo da situación para poder acudir ao evento cunha mente xa máis aberta e informada. Para elo, fixéronse **presentacións** de Acampa en diferentes espazos da cidade, así como en centros de outras cidades.



Presentación de Acampa no Centro Cívico da Cidade Vella.



Presentación de Acampa no Ateneo Ferrolano, organizado pola Asociación Fuco Buxán.

Outras xuntanzas informativas tiveron lugar en diferentes centros educativos da cidade, para por en coñecemento das persoas máis novas o drama da busca de refuxio. Estas charlas tiveron unha gran aceptación e causaron un enorme interese entre o alumnado e profesorado, que amosaron a súa sensibilidade cos temas expostos. Na educación temos a esperanza do futuro, os máis xoves serán os que movan o mundo do mañá, polo que para Acampa era moi importante ter presenza nos **centros educativos**.



Presentación de Acampa no IES A Sardiñeira.

Co convencemento de que Acampa puidese tecer unha **rede entre as asociacións, institucións e oenegués** que están a traballar sobre o tema do refuxio, houbo con elas diferentes xuntanzas para presentar a iniciativa e poder estruturar esa gran rede que estábese a tecer. Era a primeira vez na cidade da Coruña que ían a estar presentes tantas agrupacións que traballan na defensa dos Dereitos Humanos, e era para Acampa moi importante que houbo un traballo previo importante para que todo saíse da mellor forma posible, e que para todos fose esta unha gran experiencia na que compartir informacións, proxectos e ideas.

As asociacións poderían participar do evento apoiándoo ou tamén participar activamente montando unha tenda de campamento dende a cal amosasen a información dos traballos que están a facer. Gran cantidade de colectivos sumáronse a proposta, e contouse coa presenza de XX agrupacións dentro do campamento de diferentes eidos como:

ASOCIACIÓNS, INSTITUCIÓNS E OENEGUÉS PARTICIPARON EN ACAMPA 2017:

- Intermón Oxfam
- Amnistía Internacional
- ONG Aire
- Ecos do Sur
- Foro Galego de Inmigración
- Sick of Waiting
- Families for Peace
- Sawt
- Solidariedade Galega
- SOS Racismo
- Asociación Lúdico Cultural Os Maracos

- Memoria Histórica de A Coruña
- Acción Directa Refugiados
- Vangarda Obreira
- Entreculturas
- África Universal
- Institución Benéfico Social Padre Rubinos
- Marcha Mundial das Mulleres
- Asociación Fuco Buxán
- Poten100mos
- Seminario Galego da Educación
- Espazo Ecosocialista
- Cuac FM
- Solidariedade Internacional
- Luzes
- Domo África
- Mundo sen Guerras
- Departamento Árabe EOI
- Partido Socialista Obreiro Español (PSOE)
- Partido Equo
- Partido Esquerda Unida
- Partido Podemos
- Sindicato Comisións Obreiras (CCOO)
- Sindicato Unión Xeral de Traballadores (UGT)



Montaxe das tendas institucionais nos Xardíns de Méndez Núñez.

Parte importante do equipo de medios de comunicación foi a convocatoria de diferentes **roldas de prensa** para presentar o proxecto, ca presenza de prensa escrita, radio e televisión, así como diferentes personalidades que puidesen apoiar a iniciativa.



Rolda de prensa nos Xardíns de Méndez Núñez, maio de 2017.



Rolda de prensa no Concello de A Coruña, cos concelleiros Xosé Manuel Sande e Rocío Fraga, maio de 2017.



Rolda de prensa no Concello de Ferrol, coa concelleira Saíntza Ruíz, xuño de 2017.

ACAMPA, pola paz e o dereito ao refuxo, do 15 ao 18 de xuño de 2017, A Coruña

MEMORIA FINAL DE ACTIVIDADES

Nos **medios de comunicación** tentouse de ter tamén presenza, e no mes previo ao evento houbo difusión en prensa escrita e radio, con entrevistas a parte dos membros da organización, así como artigos que desenrolaban e explicaban o que ía ser o evento de Acampa.

A CORUÑA

Acampa, una cita solidaria contra el abandono de la UE a los refugiados

120 personas refugiadas han sido acogidas en A Coruña

A Coruña montará un 'campo de refugiados' en el centro de la ciudad

35 organizaciones invitan a los vecinos a unirse con sus tiendas al campamento y escuchar el testimonio de víctimas, periodistas y expertos en derechos humanos

Acampados contra el olvido a los refugiados

Fotógrafos, pintores y periodistas intervendrán entre el 15 de junio y el 25 de julio en iniciativas en favor de los desplazados por la guerras

'Acampa' arranca en Méndez Núñez

En el acto inaugural, presentado por Xurxo Souto, se hizo un homenaje a los refugiados

Más de 200 personas acuden a la inauguración de Acampa Coruña

Un campo de refugiados junto a la milla de oro

Expatriados, activistas y vecinos plantan una réplica de un campamento en el centro de A Coruña para combatir el olvido y la desinformación

Durante os días do evento, fixéronse varios programas de radio en directo dende o campamento, o que fixo que máis xente coñecese a iniciativa e quixeran achegarse a coñecer as instalacións, así como a participar dos talleres e escoitar as charlas.



Programa en directo de Radio Coruña – Cadena Ser no campamento.

ACAMPA, pola paz e o dereito ao refuxio, do 15 ao 18 de xuño de 2017, A Coruña

MEMORIA FINAL DE ACTIVIDADES

O traballo de **loxística** implicou ter que falar con diferentes empresas da cidade que puidesen colaborar coa iniciativa, dando publicidade, ofrecendo axuda económica, ou ben ofrecendo os seus servizos. Algunhas das empresas con responsabilidade social que participaron da montaxe de Acampa foron:

- Colexio Oficial de Médicos da Coruña
- Agrupación Mutual Aseguradora de profesionais sanitarios A.M.A.
- Imprenta Tórculo
- Construtora Desarrolla
- Talleres Arteixo
- Supermercados Gadis
- Alquigal
- Insega, galega de seguridade contra incendios
- Decathlon
- Construtora Gespronor
- Maderas Peteiro
- Materiais de construción Pombo
- Axencia de viaxes Atlantis
- Prefabricados Nucas S.L.
- Asociación RETO

Todos os poñentes do evento Acampa tiveron cuberta a **viaxe, manutención e aloxamento** durante os días do evento. A maiores, a organización de Acampa (40 persoas) así como os voluntarios para o evento (50 persoas) tiveron cubertas todas as comidas. Para elo, falouse con diferentes casas de comida e hoteis da cidade, que colaboraron en diferentes medidas pero todos eles con gran entusiasmo. A rede de espazos de aloxamento e comidas coas que traballouse foron:

- Taberna do Cunqueiro
- Zenit Coruña, restaurante La Marola
- O´Delito
- Cervecería La Marina
- Restaurante cafetería Copacabana
- Hotel Nido
- Jamonería La Leonesa
- Restaurante El Serrano
- Restaurante La Flor del Jamón

6. CONCLUSIONES E AVALIACIÓN

Os obxectivos do evento, de **visibilización e concienciación** da cidadanía da Coruña con respecto ao drama das condicións de vida das persoas que buscan un refuxio por mor das guerras, acadouse con gran satisfacción. A implicación e asistencia da cidadanía foi boa, houbo participación nas charlas e talleres, e a visión destas persoas foi moi boa, xa que como eles dicían, era preciso coñecer e afondar máis no tema para que as persoas que non estaban tan implicadas tomasen conciencia e tivesen información do que está a acontecer nos campos de persoas refuxiadas, para poder ser críticos, obxectivos e poder incluso colaborar de forma activa na defensa dos Dereitos Humanos.

A **participación** foi ampla nos Xardíns de Méndez Núñez e contorna, xa que é un dos espazos máis visitados da cidade. Houbo unha participación directa e activa de **miles de persoas**, de todas as idades, que pasaron polas instalacións e participaron dos talleres e charlas.

As actividades propostas na Praza das Conchiñas tiveron unha menor acollida, aínda que promocionouse o evento, incluso con coches con megafonía nos días do evento para avisar aos veciños. É por elo que a actividade do venres 16 de xuño, a charla dos fotógrafos, trasladouse á carpa central dos Xardíns de Méndez Núñez en lugar de tela na Praza das Conchiñas como estaba previsto, xa que a afluencia de público era pouca para unha charla desta importancia.

O día da **inauguración**, un xoves á mañá (día laborable) houbo unha **asistencia masiva**, con máis de 200 persoas no acto inaugural, o que foi unha grata sorpresa para todos nós. Contouse coa presenza institucional do Concello de A Coruña, da Deputación de A Coruña, da Universidade de A Coruña, así como de diferentes personalidades coñecidas da política local e autonómica, así como recoñecidos pintores, escritores e xornalistas.

A presenza **institucional** (asociacións, institucións, oenegués e partidos e sindicatos) nos Xardíns de Méndez Núñez foi moi boa. Todas as agrupacións tiveron unha tenda de campaña montada todos os días, con presenza de persoal da agrupación ofrecendo información sobre o que estaban a traballar. A relación entre todas as agrupacións foi moi boa, en constante contacto, compartindo información e tecendo as redes que marcábanse dende Acampa como parte fundamental do evento.

As **persoas de forma individual** tamén podían formar parte activa do evento de Acampa colocando unhas tendas de campaña de menores dimensións dentro dos Xardíns de Méndez Núñez, na zona acotada para elo. A presenza destas tendas individuais foi menor da agardada, pero aínda así houbo en torno a 30 tendas montadas dentro do recinto, o que pode ser considerado como parte do obxectivo cumprido.

As **actividades** desenroladas durante o evento tiveron unha **enorme aceptación** entre o público. As charlas e coloquios impartidos tiveron unha gran presenza de público, público ademais activo que participou nas roldas de preguntas ao final de cada charla; comprobouse o grande interese por parte da cidadanía de adquirir máis e mellores coñecementos sobre o tema do refuxio. As actividades nos espazos públicos tiveron tamén gran afluencia de público, contando coa presenza de moitas familias que levaban aos máis cativos a coñecer as instalacións, e moita xente nova que participou activamente das actividades.

O obxectivo con respecto aos **medios de comunicación** era dar a coñecer o proxecto e lograr a súa máxima difusión e repercusión, co fin de que o maior número de persoas posible secundase o propósito que inspirou Acampa: denunciar o abandono das persoas refuxiadas e, ao mesmo tempo, exixir ás Administracións o cumprimento das súas obrigas legais para acollelos e darlles refuxio. As roldas de prensa, tendo en conta a situación que atravesan os medios de comunicación en xeral, foi moi satisfactoria, acudindo un bo número de periodistas e reporteiros gráficos. Acampa tivo presenza en prensa escrita: *La Opinión de A Coruña*, *El País*, *El Mundo*, *Entrenós*, etc., así como na radio, participando en entrevistas previas ao evento así como intervencións durante os días do evento e incluso coa participación de programas de radio en directo dende o campamento. Tivemos presenza en radios como *Radio Coruña*, *Cadena Ser*, *Cuac FM*, *COPE*, *Radio Voz*, etc. Tamén televisións como *TVG*, *La Sexta* ou *Telecinco* fixéronse eco do evento. O coñecemento e o alcance a través dos medios de comunicación tanto nacionais como estatais foi moi importante, con programas e medios cubrindo o evento que teñen unhas audiencias de **centenas de miles de persoas**.

A relación co **Concello de A Coruña** foi sempre constante e de apoio ao evento, xa que este comezou coa aprobación do proxecto por parte das axudas de Cultura de Barrio organizadas polo Concello. As relacións sempre foron fluídas, de axuda e de convencemento de que era preciso un evento destas características para significarse a cidade da Coruña como cidade refuxio. Apoiou ademais o Concello a iniciativa mediante a convocatoria dunha rolda de prensa no Concello para dar difusión e dar apoio público á iniciativa. O **Concello de Ferrol** sumouse á proposta, e convocou tamén unha rolda de prensa no seu Concello, así como ofreceuse a organizar Acampa o ano que ven na súa cidade tamén. A **Deputación de A Coruña**, ofreceu así mesmo un gran apoio á organización de Acampa, e contouse coa presenza institucional no acto de inauguración. sin esquecer coma xa se dixo, a presenza da **UDC** representada polo seu Reitor Magnífico.



Equipo de Acampa.

ACAMPA, pola paz e o dereito ao refuxio, do 15 ao 18 de xuño de 2017, A Coruña